

OLÍMPICOS CON SELO GALEGO EN PARÍS 2024



BELÉN TOIMIL (Mugardos, 1994). Lanzamento de peso. A mugardesa chegará á capital francesa nun excelente estado de forma. Toimil vén de proclamarse campioa de España en lanzamento de peso, o seu quinto título estatal consecutivo, logrando o récord da competición con 18.75 metros. Será a súa segunda vez en competición olímpica despois de Toquio, onde non conseguiu pasar á final. O obxectivo en París é superar de París esperan un bronce no Mundial de Glasgow esa barreira, cousa que parece probable dado o bo momento que atravesamos.



YULENMIS AGUILAR (Baya-co, Cuba, 1996). Lanzamento de xavelina. A atleta cubana disputará os seus primeiros Xogos tras conseguir a nacionalidade este mesmo ano. Aguilar, afincada en Oleiros e adestrada polo veterano Raimundo Fernández, vén de gañar o seu primeiro Campionato de España cunha marca de 59.85. Será a primeira española olímpica en lanzamento de xavelina desde Pekín 2008.



TARIKU NOVALES (Jijiga, Etiopía, 1998) e **ESTER NAVARRETE** (Vigo, 1990). A cita francesa suporá o debut dos dous maratonianos galegos nuns Xogos. Tariku Novales, atleta de orixe etíope pero asentado en Noia desde os seis anos, é o home máis rápido do Estado español en maratón. Afronta os seus primeiros Xogos con ambición, pero consciente de que as opcións de medalla non son unha prioridade de partida. Ester Navarrete, pola súa parte, encara París 2024 tras ser campioa de España de maratón cun tempo de 2.24:40 no seu debut nesta proba. Tamén logrou un bronce europeo coa selección estatal na media maratón. Busca 'coarse' no top 10.




ANTÍA CHAMOSA (Pontevedra, 1999). Marcha atlética. A pontevedresa vén de ser subcampioa de España e récord de Galiza nos últimos campionatos estatais, cun tempo de 44:39.24. Tamén acadou a novena posición no Mundial de Marcha de Turquía. A marchadora foi convocada só á proba de remudas mixtas en distancia de maratón, polo que deberá esperar á decisión do seleccionador tras a disputa da carreira individual para saber se correrá ou non.



TERESA PORTELA (Cangas, 1982) e **CAROLINA GARCÍA** (Pontevedra 1999). K4 500 de pira-guismo. Teresa Portela afronta a súa sétima cita olímpica consecutiva tras o debut en Sidney 2000. Despois de lograr a súa primeira medalla en Toquio -prata no K1 200-, neste 2024 competirá na "proba raíña" do piragüismo olímpico: o K4 500.

Canda ela estará na embarcación unha Carolina García que debutará en París tras un terceiro posto na última edición do Campionato do Mundo de Piragüismo en Augas Tranquilas. Ao seu carón remarán a asturiana afincada en Galiza e considerada pola Xunta Deportista Galega de Alto Nivel (DGAN) Sara Ouzande e mais a estremeña Estefanía Fernández. Son unha das grandes esperanzas de medalla.



CARLOS ARÉVALO (Betanzos, 1993) e **RODRIGO GERMADE** (Cangas, 1990). K4 500 e K2 500. O piragüismo masculino supón outra das grandes ilusións do medalleiro galego na proba de K4 500. O betan-ceiro foi nomeado mellor deportista do ano polo COE en 2022, mentres que o cangués foi distinguido en 2023 como mellor piragüista do ano pola Federación. Xunto a eles remarán os recoñecidos Saúl Cravittio e Marcos Cooper. A embarcación española, que xa obtivo a prata en Toquio, pretende mellorar o resultado e loitará polo ouro olímpico. Germade tamén participará no K2 500 masculino tras lograr o bronce da categoría nos últimos Campionatos do Mundo xunto a Adrián del Río, quen o acompañará en París.



ANTÍA JÁCOME (Pontevedra, 1999). C1 200 e C2 500. Jácome desembarca en Francia con boas sensacións tras o pasado Campionato de Europa. A pontevedresa logrou o ouro no C2 200 xunto á madrileña María Corbera -con quen competirá na capital gala-e rematou segunda na final de C1 200. No último Mundial tamén colleitou tres pratas en diversas categorías, entre elas as dúas nas que competirá o vindeiro mes.

A súa participación en Toquio rematou cun 5º posto que tratará de mellorar sobre as augas francesas.



PABLO CRESPO (Pontevedra, 1999). C1 1000. A súa hai, Ana María Penas, foi piragüista olímpica até en tres ocasións - Barcelona 92, Atlanta 96 e Sidney 2000-, e o seu pai, José Manuel Crespo, tamén estivo nas citas de 1996 e 2000. Co piragüismo no sangue, Crespo debuta nuns Xogos tras clasificarse cun bronce no Preolímpico de Hungría. O pontevedrés tamén se proclamou campión do mundo sub-

23 o ano pasado en C2 1000.



MANUEL OCHOA (Tomiño, 1998). Kayac Cross. O tomiñés competirá nunha novidosa modalidade grazas á medalla de ouro que acadou en dita disciplina na pasada Copa do Mundo de Praga. Este foi o seu primeiro éxito internacional, que espera imitar nas augas parisiñas no seu debut nuns Xogos.



CAETANO HORTA (Noia, 2003). Dobre scull lixeiro de remo. Horta afronta a súa segunda experiencia olímpica despois de rematar sétimo en Toquio 2020. Competirá como parella de Dennis Carracedo, o seu compañeiro habitual nesta modalidade. Veñen de obter un quinto posto na última Copa do Mundo de Remo que tratarán de igual ou superar en Francia.



RODRIGO CONDE (Moaña, 1997). Dobre scull pesado de remo. O moañés Rodrigo Conde debutará nunha cita desta magnitude após renunciar a Toquio por motivos de saúde cando anda competía no dobre scull lixeiro. Farao xunto ao catalán Aleix García, despois de se proclamaren subcampións de Europa en abril. E en 2022 lograron dúas pratas consecutivas no Europeo e o Mundial, polo que a medalla olímpica é unha posibilidade real.



TÁMARA ECHEGOYEN (Ourense, 1984). 49er FX de vela. A ourensana competirá xunto á mallorquina Paula Barceló. Xuntas veñen de ser bronce no Mundial de 2022 e no Europeo de 2023. Echegoyen xa sabe o que é saborear un ouro olímpico, posto que se proclamou campioa olímpica xunto a Sofía Toro e Ángela Pumariega en Londres 2012. Tamén se fixo con outros dous diplomas nas súas participacións de Río 2016 e Toquio 2020.



ENMANUEL REYES PLA (A Habana, Cuba, 1992). Boxeo. O cubano, nacionalizado e is tras conseguir a terceira posición no Preolímpico de Busto Arsizio (Italia). Participará en -92 kg e tratará de superar o diploma olímpico conquistado en Xapón, onde perdeu en cuartos de final aos puntos contra o bicampión olímpico cubano Julio La Cruz nun polémico combate. Agora aspira ao ouro.



ANTONIO SERRAT (Vigo, 1995). Tríatlon. O tríatlon galego ten o público acostumado a grandes actuacións. Tras Iván Raña e Javier Gómez Noya, o vigués Antonio Serrat será o terceiro galego que compita nesta disciplina olímpica. Participará en París despois de clasificarse cun undécimo posto na proba das Series Mundiais de Yokohama (Xapón).



JULIA BENEDETTI (A Coruña, 2004). Skate, modalidade Parque. Benedetti será a benxamina da ex-pedición galega, pero a parisina será xa a súa segunda cita olímpica. A coruñesa participou en Tokio 2020, onde rematou 16ª na global con só 16 anos de idade. A skater galega chega tras rematar 18ª na segunda parada das Series de Cualificación de skate na modalidade de Parque.



TERESA ABELLEIRA (Poio, 2000). Fútbol. Após de levantar o Mundial e gañar a primeira edición feminina da UEFA Nations League, a selección do Estado español é unha das principais favoritas a, como mínimo, subir ao podio olímpico. Na lista definitiva facilitada pola adestradora Montse Tomé consta o nome da pontevedresa Teresa Abelleira, peza habitual no centro do campo do mellor combinado do mundo na actualidade.



ALICIA FERNÁNDEZ (Valdo-viño, 1992) e **RODRIGO CORRALES** (Cangas, 1991). Balonmán. Neste deporte Galiza estará dobre-mente representada en categorías feminina e masculina. As Guerreiras de Fernández chegan a París tras clasificarse no Preolímpico do pasado mes de abril e xogarán na primeira fase contra Brasil, Angola, Países Baixos, Hungría e Francia. Pola súa parte, os Hispanos de Corrales aterran no país galo após un pleno de triunfos no seu Pre-olímpico. Mediranse a Eslovenia, Suecia, Xapón, Alemaña e Croacia en primeira instancia.



MARÍA ARAÚJO (Vigo, 1997) e **PAULA GINZO** (Santoña, Cantabria, 1998). Baloncesto. A canastra tamén terá sabor galego en París 2024. María Araújo, ala-pívot viguesa do Çukurova turco, entrou na lista de Miguel Méndez para formar parte da Selección que acode a Francia despois de clasificarse nun Preolímpico un tanto irregular. Acompañara a tamén ala-pívot Paula Ginzo, nada en Cantabria pero galega a todos os efectos. Mediranse a China, Serbia e Porto Rico na fase de grupos, onde parten como favoritas.



NIKOLOZ SHERAZADISHVILI. (Tbilisi, Xeorxia, 1996). Judo. Natural de Xeorxia, Niko Shera emigrou en 2010 coa súa familia a Madrid, onde obtivo o pasaporte do Estado español. Máis tarde instalouse en Vigo e hoxe compite con licenza galega. Chega a París con bronce mundial e europeo en -100 kg. Na categoría de -90 kg foi bicampión do mundo, en 2018 e 2021.

A información foi sacada do Xornal Nós Diario

(<https://www.nosdiario.gal/articulo/reportaxes/paris-2024-oportunidade-historica-galiza-perfil-das-26-atletas-olimpicas/20240719104020202788.html>)